



Unha opción eclesial sen retorno: un Evanxeo poliédrico para unha Igrexa poliédrica nunha sociedade poliédrica¹

Almudena Suárez Cerviño²

Nos tres documentos máis persoais do maxisterio de Francisco, a exhortación apostólica *Evangelii gaudium* (2013), a encíclica *Laudato si* (2015) e a exhortación apostólica *Amoris laetitia* (2016), aparecen dúas palabras que poderíamos tomar como ancoraxes que nos axuden a entender como o maxisterio de Francisco se desenvolve abranguendo, desde a reflexión teolóxico-pastoral, distintos ámbitos da vida das persoas. Esas dúas palabras son alegría e poliedro.

O modelo para Francisco non está na esfera, na que todos os puntos son equidistantes do centro e non reflicten as diferenzas, senón que o modelo está no poliedro, «que reflicte a confluencia de todas as parcialidades, que nel conservan a súa orixinalidade»³. A esfera é algo totalmente feito e terminado. A realidade aseméllase máis a un poliedro que ten moitas caras e pode mirarse de diferentes maneiras. Este modelo afunde as súas raíces na concepción eclesial presente na Constitución dogmática sobre a Igrexa *Lumen Gentium* do Vaticano II: unha Igrexa chamada a servir ao mundo

1 Este artigo é continuación de un escrito pola mesma autora *Francisco e a proposta dunha nova linguaxe do maxisterio pontificio; pastoralidade e compromiso*, publicado no número anterior (212) da revista *Encrucillada*.

2 Almudena Suárez Cerviño é licenciada en Ciencias Biolóxicas e en Ciencias Relixiosas, Máster en Doutrina Social da Igrexa. Tamén é profesora no IES Mendiño de Redondela e profesora convidada no Seminario Maior San Xosé de Vigo. É unha das persoas responsables do servizo litúrxico Remol.

3 EG 236.

e non a dominalo (sacramento universal de salvación); unha Igrexa que non se concibe como unha estrutura piramidal de corte xerárquico, senón como unha familia que ten unha dobre natureza, xerárquica e sinodal, con diversidade de ministerios e carismas na que priman o diálogo e a corresponsabilidade (Pobo de Deus); unha Igrexa que non é unha sociedade perfecta autosuficiente, senón comunidade que peregrina.

A partir de aquí, a proposta de Francisco presenta as seguintes notas definitorias:

1.- Unha Igrexa en saída cara ás periferias existenciais

Igrexa en saída foi unha das primeiras expresións que puxo a voz do papa en todos os medios de comunicación do mundo. Francisco dáse conta de que a Igrexa vive encerrada en si mesma, paralizada polos medos e demasiado apartada dos problemas e sufrimentos como para dar sabor á vida moderna e para ofrecerlle a luz xenuína do Evanxeo. A súa reacción foi inmediata: «temos que saír cara ás periferias existenciais»⁴. Unha Igrexa illada do mundo non pode ser nin sal nin luz. A Igrexa ten que estar atenta a canto ocorre no mundo; un mundo que, a través da presenza dos seus membros, conforma e axuda a construír. Unha Igrexa en saída é unha Igrexa aberta, acolledora, que non mira cara atrás nin se lamenta do pasado, unha Igrexa en misión e para a misión.

Cando Francisco fala de Igrexa en saída, refírese a unha clave interpretativa da acción eclesial froito da reflexión de Aparecida. A Igrexa en saída é «a comunidade de discípulos misioneiros que primeirean, involúcranaw, que acompañan, que frutifican e festexan»⁵, e «é unha Igrexa coas portas abertas»⁶.

Estas portas abertas teñen unha dobre finalidade:

4 EG 20.

5 EG 24.

6 EG 46.

- Permítennos saír de nós mesmos para poñernos en camiño cara ás periferias existenciais: «Non podemos quedar enclaus-trados (...) senón saír pola porta para buscar e atopar»⁷.
- Tamén permiten que todas as persoas poidan entrar, descansar nela e atopar a aberta amorosa do Pai. Por iso é polo que non se lle poden pechar as portas da Igrexa a ninguén, porque «a Igrexa non é unha aduana, é a casa paterna onde hai lugar para cada un coa súa vida ao lombo»⁸.

Igrexa inmóbil coas portas pechadas: será esta a enfermidade que afecta ás nosas comunidades eclesiais da vella Europa, tristes, envellecidas, sen ilusión, cheas de medo, repregadas en si mesmas?. Francisco, como fixese noutro tempo Xoán XXIII, proponnos o antídoto: abrir as portas para comunicar a alegría do Evanxeo desde unha opción preferente polos pobres. Seremos valentes para acoller a súa chamada?

2.- Unha Igrexa pobre e humilde

O papa Francisco, nunha entrevista con Henrique Cymerman o 13 de xuño de 2014 afirmaba:

A pobreza e a humildade están no centro da mensaxe evanxélica, máis aínda, no centro de toda a Biblia e dígoo nun sentido teolóxico, non sociolóxico [...] Eu creo que Xesús quere que os bispos non sexamos príncipes, senón servidores⁹.

Poder e diñeiro foron sempre dous enormes problemas da vida institucional que Francisco denuncia con valentía e sen andróme-nas. A pobreza é a forma de vivir que debe bañar todos os actos da Igrexa. Tal vez é o dato máis importante e que, de seu, constitúe

7 Francisco, Homilía na Misa con bispos, sacerdotes, relixiosos e seminaristas, XMX, Río de Xaneiro 27 de xullo de 2013.

8 EG 47.

9 Francisco, entrevista con Henrique Cymerman, 13 de xuño de 2014 en <http://www.lavanguardia.com/internacional/20140612/54408951579/entrevista-papa-francisco.html> (Páxina consultada 01/28/2017).

unha proposta de reforma e de renovación, porque significa abrir as portas das parroquias e das comunidades, compartir a vida e o que se teña –sexa pouco ou moito–, as tristezas, as alegrías, celebrar xuntos o domingo, facernos comunidade. Unha Igrexa pobre é, ante todo, un pobo humilde, unido e de brazos abertos e «non o é unha Igrexa que vive apegada ao diñeiro, que pensa no diñeiro, que pensa como gañar diñeiro»¹⁰.

3.- Unha Igrexa desde unha opción preferente polas persoas pobres

«Ah, como quixer unha Igrexa pobre e para os pobres!»¹¹ foi o desexo manifestado por Francisco ao mundo no seu encontro cos representantes dos medios de comunicación aos poucos días da súa elección como pontífice.

As palabras sobre a Igrexa dos pobres remiten inmediatamente ao Concilio, en particular á expresión que Xoán XXIII pronunciou o 11 de setembro de 1962 na radiomensaxe precedente á apertura do Vaticano II: «a Igrexa preséntase como é e como quere ser, como Igrexa de todos, en particular como a Igrexa dos pobres»¹². Fronte ao gran mundo da pobreza, a Igrexa do Concilio preséntase como a Igrexa dos pobres.

Francisco, seguindo a liña dos seus predecesores, outorga á opción polos pobres a súa verdadeira identidade: «é unha categoría teolóxica antes que cultural, sociolóxica, política ou filosófica, pois Deus outórgalles a súa primeira misericordia»¹³, xa que é «un signo da beleza do Evanxeo que non pode faltar xamais»¹⁴. Recupera así o lugar central, un lugar do que nunca debeu saír.

10 Francisco, *Tres características*, Meditacións diarias na Misa matutina de Santa Marta, 15 de decembro de 2015.

11 Francisco, Discurso no encontro cos representantes dos medios de comunicación, Sala Pablo VI do Vaticano, 16 de marzo de 2013.

12 Juan XXIII: Radiomensaxe *Ecclesia Christi lumen gentium* un mes antes da apertura do Concilio Vaticano II, 11 setembro 1962.

13 EG 198.

14 EG 195.

Francisco utiliza un concepto de pobreza inclusivo, que abarca as «periferias existenciais» e non só as económicas, e que aparecen exquisitamente descritas en EG baixo o suxestivo e significativo epígrafe «coidar a fragilidade», en calquera das súas múltiples formas e rostros, que enumera con múltiples matices e precisións.

Desde o Evanxeo debemos situar a «opción preferente polos pobres» no centro da misión da Igrexa, con signos concretos e visibles. Cristo mesmo empobreceuse (*kénose*), vivindo a pobreza como manifestación privilexiada da súa relación co Pai. O pobre é a presenza de Deus vivente na nosa vida. Non é esta unha opción excluín-te, pero si preferente xa que os pobres son as verdadeiras vítimas (excluídos, periferia...) dun sistema que sempre atenta contra as persoas máis débiles e explotadas. O feito de pensalo todo desde as vítimas convértenos nunha Igrexa evanxélica, unha Igrexa pobre e para os pobres, a Igrexa de Xesús de Nazaret; nas antípodas dunha Igrexa que se cre co dereito de mandar, ordenar e impoñer o seu criterio. É o que o profesor Segovia expresa exquisitamente na proposición: «volver ao Evanxeo implica poñernos aos pés da cruz e dos crucificados, manter fixos os ollos no Señor e ser un para que o mundo crea».

4.- Unha Igrexa nai que acompaña, comprende e acariña

Nunha entrevista ao papa Francisco con motivo da JMJ celebrada en Brasil en 2013, ao ser preguntado sobre as causas do éxodo de católicos cara a outras confesións relixiosas, principalmente evanxélicas, Francisco lanzaba esta hipótese:

Para min é fundamental a proximidade da Igrexa. A Igrexa é nai. Nin vostede nin eu coñecemos ningunha mamá por correspondencia. A mamá toca, bica, ama. Cando a Igrexa, ocupada en mil cousas, descoida a proximidade e comunícase só con documentos, é como a mamá que se comunica co seu fillo por carta¹⁵.

15 Pódese ver o vídeo desta entrevista en <https://www.youtube.com/watch?v=1o3sOon-1QY> (Páxina consultada o 1/3/2017).

Esta sinxela e clara explicación indica o talante que Francisco quere imprimir á Igrexa, ás nosas comunidades eclesiais. Na revolución da tenrura que el propón, é fundamental a figura da nai, a persoa que nos dá a vida e o seu amor incondicional, sen pedir nunca nada cambio. «Desexo unha Igrexa alegre con rostro de nai, que comprenda, acompañe, acariñe. Soñade tamén vós con esta Igrexa, crede nela»¹⁶.

E, como boa nai, a Igrexa é educadora que apunta ao esencial, sen perderse en detalles. E o esencial «segundo o Evanxeo, é a misericordia»¹⁷. Porén, demasiadas veces na súa historia, a ansia de poder, o egoísmo, a soberbia de creerse superior aos demais, o desexo de anular a liberdade que Deus nos regala, ou sentirse máis unha multinacional que unha nai, volveron a Igrexa estéril, esquecendo que ao fin e ao cabo, «o primeiro deber da Igrexa non é distribuír condenas ou anatemas senón proclamar a misericordia de Deus, de chamar á conversión e de conducir todos os homes á salvación do Señor (cf. Xn 12, 44-50)»¹⁸.

5.- Unha Igrexa samaritana e hospital de campaña

A opción eclesial que propón Francisco, pasa por unha Igrexa samaritana e hospital de campaña, capaz de baixar da súa cabalgadura para vendar e curar as feridas de tantas persoas que están caídas á beira do camiño. Neste sentido, parécenos tremendamente clarificadora a opinión de Francisco recollida na entrevista que lle realiza A. Spadano:

Vexo con claridade que o que a Igrexa necesita con maior urxencia hoxe, é unha capacidade de curar feridas e dar calor aos corazóns dos fieis, proximidade, proximidade. Vexo a Igrexa como un hospital de campaña tras unha batalla. Que inútil é preguntarlle a un

16 Francisco, Discurso no encontro cos participantes no V Congreso da Igrexa italiana, Florencia, 10 de novembro de 2015.

17 Francisco, Audiencia Xeral, Praza de S. Pedro, 10 de setembro de 2014.

18 Francisco, Discurso na clausura dos traballos da XIV Asemblea Xeral Ordinaria do Sínodo dos bispos, 24 de outubro de 2015.

ferido se ten altos o colesterol ou o azucre! Hai que curarlle as feridas. Xa falaremos logo do resto. Curar feridas, curar feridas... E hai que comezar polo máis elemental. A Igrexa ás veces deixouse envolver en pequenas cousas, en pequenos preceptos. Cando o máis importante é o anuncio primeiro: «Xesucristo salvoute!». E os ministros da Igrexa deben ser, ante todo, ministros de misericordia [...] As persoas hai que acompañalas, as feridas necesitan curación¹⁹.

A expresión *Igrexa samaritana* ten fondas raíces evanxélicas. A parábola do bo samaritano é moi oportuna para a Igrexa de hoxe, para os cristiáns que vivimos no medio dos homes e as mulleres que sofren. Xesús dinos que o bo samaritano se achegou, viu, parouse e compadeceuse daquel home que estaba na marxe do camiño malferido por uns ladróns. Puxo o seu tempo ao servizo de quen se atopaba necesitado, mostrando a riqueza e fondura da verdadeira comunión evanxélica: a acollida, pois «non sería digno da Igrexa nin dun cristián «pasar de longo» e pretender ter a conciencia tranquila só porque rezou ou porque foi o domingo á Misa»²⁰.

Aquel home anónimo, viaxeiro solitario, sen nome nin compañía, maltratado polos bandidos e medio morto, ten rostro e nome: o dos millóns de persoas paradas, o das persoas refuxiadas que vagan por Europa sen que ninguén lles abra as portas, o das mulleres maltratadas e silenciadas, o das persoas maiores, reducidas a caixeiros automáticos, o das persoas enfermas, relegadas a un mero dato estatístico, o das zonas rurais, esquecidas do sistema... E «esta é a misión da Igrexa: curar as feridas do corazón, abrir portas, liberar, dicir que Deus é bo, que Deus perdoo todo, que Deus é pai, que Deus é afectuoso, que Deus nos espera sempre»²¹.

19 Entrevista de Antonio Spadano ao papa Francisco en https://w2.vatican.va/content/francesco/es/speeches/2013/september/documents/papa-francesco_20130921_intervista-spadano.html (Páxina consultada o 1/3/2017).

20 Francisco, Catequese para os Operadores de Misericordia, Praza de S. Pedro, 3 de setembro de 2016.

21 Francisco, *Yo cuidaré de ti*, Meditacións diarias na Misa matutina de Santa Marta, 5 de febreiro de 2015.

O sacerdote e o levita chegaron sen obstáculo ao final do seu camiño... pero faltaron ao encontro. O samaritano só deu dous pasos... pero na dirección exacta. Ollos para ver, mans para construír, corazón para querer. Esa é a folla de ruta que nos propón Francisco para sermos unha Igrexa samaritana e hospital de campaña: «É unha mensaxe tan clara, tan directa, tan simple e elocuente que ningunha hermenéutica eclesial ten dereito a relativizala [...] Xesús ensínanos este camiño de recoñecemento do outro coas súas palabras e cos seus xestos. Para que escurecer o que é tan claro?»²².

6.- Unha Igrexa con capacidade de diálogo e encontro na procura do ben común

Francisco, fronte á globalización da indiferenza que nos arrasa, invítanos a apostar pola cultura do encontro, «porque a fe é un encontro con Xesús, e nós debemos facer o mesmo que fai Xesús: atopar os demais»²³. O encontro inicia a revolución da tenrura, que nos fai sentir responsables uns doutros: «coidar as boas relacións persoais e a capacidade de superar prexuízos e medos son ingredientes esenciais para cultivar a cultura do encontro, onde se está disposto non só a dar, senón tamén a recibir dos outros [...] Acoller o outro é acoller a Deus en persoa»²⁴.

Neste sentido, o profesor A. Riccardi afirma que «o ministerio pastoral de Bergoglio, xa desde antes do episcopado, está exposto no encontro. O arcebispo de Bos Aires que viaxa en metro, non é a imaxe dun prelado anticonformista senón de alguén que quere ir ao encontro e déixase atopar»²⁵.

Efectivamente, no pensamento antropolóxico de Francisco a palabra encontro adquire un concepto con moito valor semántico na

22 EG 194.

23 Francisco, Palabras na Vixilia de Pentecoste cos Movementsos Eclesiais, Praza de S. Pedro, 18 de maio de 2013.

24 Francisco, Mensaxe para Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado 2016.

25 A. Riccardi, *La sorpresa del papa Francisco. Crisis y futuro de la Iglesia*, Madrid 2014.

súa noción do ser humano e da comunidade. Ao longo das súas alocucións o cardeal Bergoglio, o papa Francisco, non só critica a ideoloxía economicista, senón tamén o individualismo postmoderno, reivindicando a cultura do encontro, o valor da interacción, da relación interpersonal que alcanza no diálogo a súa máxima madurez:

O único modo de que unha persoa, unha familia, unha sociedade, creza; a única maneira de que a vida dos pobos avance, é a cultura do encontro, unha cultura na que todo o mundo ten algo bo que achegar, e todos poden recibir algo bo a cambio. O outro sempre ten algo que darme cando sabemos achegarnos a el con actitude aberta e dispoñible, sen prexuízos²⁶ [...] pois todos teñen algo en común connosco: son imaxes de Deus, son fillos de Deus. Ir ao encontro con todos, sen negociar a nosa pertenza²⁷.

7.- Unha Igrexa alegre

Etimoloxicamente, a palabra Evanxeo significa «Boa Nova», «Boa Noticia». Por iso Francisco afirma:

Non sexades nunca homes e mulleres tristes: un cristián xamais pode selo. Nunca vos deixedes vencer polo desánimo. A nosa alegría non é algo que nace de ter tantas cousas, senón de atopar cunha persoa, Xesús; que está entre nós; nace do saber que, con el, nunca estamos sos, mesmo nos momentos difíciles, aínda cando o camiño da vida tropeza con problemas e obstáculos que parecen insuperables²⁸.

Pasaron os anos, pasaron os séculos e os cristiáns esquecemos que o Evanxeo é unha boa noticia, unha noticia que trae a felicidade. E aquí estamos: convertidas en persoas tristes, con cara de

26 Francisco, Discurso no encontro coa clase dirixente do Brasil, Río de Xaneiro, 27 de xullo de 2013.

27 Francisco, Palabras na Vixilia de Pentecoste cos Movementos Eclesiais, Praza de S. Pedro, 18 de maio de 2013.

28 Francisco, Homilía na Misa do Domingo de Ramos, Praza de S. Pedro, 24 de marzo de 2013.

funeral, de vinagre, como diría Francisco, pensando erradamente que o Evanxeo é algo tan serio que non podemos transmitilo con alegría, esquecendo que «o humor é a cuarta virtude teoloxal». Contra a «enfermidade do mal humor e a cara fúnebre» alerta Francisco no seu discurso á curia vaticana en decembro de 2014 cando afirma:

O mal da cara fúnebre. É dicir, o das persoas rudas e sombrías, que cren que, para seren serias, é preciso untar a cara de melancolía, de severidade, e tratar os outros –especialmente os que considera inferiores– con rixidez, dureza e arrogancia. En realidade, a severidade teatral e o pesimismo estéril son frecuentemente síntomas de medo e inseguridade de si mesmos. O apóstolo debe esforzarse por ser unha persoa educada, serena, entusiasta e alegre, que transmite alegría alá onde estea²⁹.

Para Francisco só unha actitude positiva e esperanzadora, de diálogo e encontro, que asume tamén a dor e o fracaso, fará posible a acollida do Evanxeo. Isto lévao a formular unha proposta que articula en dous momentos nos que habemos de implicarnos os crentes. O primeiro momento sitúao na disposición de quen evanxeliza: «Un evanxelizador non debería ter permanentemente cara de funeral. Recobremos e acrecentemos o fervor, «a doce e confortadora alegría de evanxelizar, mesmo cando hai que sementar entre bágoas»³⁰. Só unha actitude así fará posible chegar ao segundo momento: evanxelizar no medio do mundo, asumindo as súas contradicións e posibilitando a acollida do Evanxeo: «Oxalá o mundo actual –que busca ás veces con angustia, ás veces con esperanza– poida así recibir a Boa Nova, non a través de evanxelizadores tristes e desalentados, impacientes ou ansiosos, senón a través de ministros do Evanxeo, cuxa vida irradia o fervor de quen recibiu, ante todo en si mesmos, a alegría de Cristo»³¹.

29 Francisco, Discurso á curia romana con ocasión das festas do Nadal, 22 de decembro de 2014.

30 EG 10.

31 Ib.

E todo isto por que? Pois porque «cando se atopa a Xesucristo e comeza a vivir segundo o Evanxeo, o cristián debe facelo con alegría [...] El organiza unha gran «festa de vodas. Xesús pídenos a alegría da festa. A alegría de ser cristiáns»³². Ao fin e ao cabo, non podemos, non queremos e non debemos esquecer que «a alegría do Evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se atopan con Xesús»³³.

8.- Unha Igrexa proactiva

Francisco propón unha Igrexa proactiva, é dicir, unha Igrexa audaz e creativa, consciente de que o «sempre se fixo así» puido servir noutro tempo; pero agora non é unha razón válida para dar razón da nosa esperanza: «Soño cunha opción misioneira capaz de transformalo todo, para que os costumes, os estilos, os horarios, a linguaxe e toda a estrutura eclesial se converta nunha canle adecuada para a evanxelización do mundo actual máis que para a auto-preservación»³⁴.

O papa non cansa de insistir en que os cristiáns debemos ser creativos: «gústame unha Igrexa inquieta [...] desexo unha Igrexa alegre con rostro de nai, que comprenda, acompañe, acariñe. Soñade tamén vós con esta Igrexa, crede nela, innovade con liberdade»³⁵.

Estamos chamados a ler os signos dos tempos e analízalos á luz do Evanxeo para podermos ser samaritanos do amor de Cristo, para podermos ser sal e luz.

E, con esa claridade que o caracteriza, insiste constantemente en que a Igrexa debe arriscarse, aínda que ese risco ás veces nos

32 Francisco, *La gracia de la alegría*, Meditacións diarias na Misa matutina de Santa Marta, 6 de setembro de 2013.

33 EG 1.

34 EG 27.

35 Francisco, Discurso no encontro cos participantes no V Congreso da Igrexa italiana, Florencia, 10 de novembro de 2015.

provoque feridas ou accidentes; debemos saír dos nosos lugares de confort, dunha pastoral de conservación que dificilmente poderá irradiar alegría, para sermos creativos e audaces no camiño da evanxelización, no camiño de levar a Boa Nova a unha humanidade sufrinte e desesperanzada:

Prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa, antes que unha Igrexa enferma polo peche e a comodidade de aferrarse ás propias seguridades. Non quero unha Igrexa preocupada por ser o centro e que termine clausurada nunha maraña de obsesións e procedementos³⁶.

Probablemente, nunca ata agora un papa pronunciase unha sentenza tan directa, clara e contundente sobre a necesidade de ser audaces e non medrosos á hora de transmitir o Evanxeo, porque como el ben di: «cantas veces Xesús está dentro e chama á porta para saír, para saír fóra, e non lle deixamos saír só polas nosas seguridades, por que moitas veces estamos encerrados en estruturas caducas, que serven só para facernos escravos e non fillos de Deus libres?»³⁷.

Debemos pasar dunha pastoral de conservación, que ten como columna vertebral os signos da Igrexa, a unha pastoral que priorice os signos do Reino, entre os cales «a compaixón representa o exercicio dunha ética transgresora».

9.- Unha Igrexa esperanzada e esperanzadora

Na homilía da súa primeira Misa de Domingo de Ramos como Bispo de Roma, ante a multitude reunida na Praza de San Pedro, o papa Francisco afirmaba:

Nós acompañamos, seguimos a Xesús, pero sobre todo sabemos que El nos acompaña e nos leva sobre os seus ombreiros: nisto

36 EG 49.

37 Francisco, Discurso no encontro cos participantes no V Congreso da Igrexa italiana, Florencia, 10 de novembro de 2015.

reside a nosa alegría, a esperanza que habemos de levar neste mundo noso. E, por favor, non vos deixedes roubar a esperanza, non deixedes roubar a esperanza. Esa que nos dá Xesús³⁸.

E porque a Igrexa se sente preñada da esperanza de Cristo, porque é capaz de descubrir a Deus que camiña co seu pobo, especialmente nas persoas máis débiles e excluídas, é unha Igrexa esperanzadora, pois está convencida de que «Xesús é un home que recrea a existencia. E isto dános esperanza, porque Xesús veu precisamente para este gran milagre, para recrear todo. E cando nos unimos a Xesús na súa paixón, con El refacemos o mundo, facémolo novo»³⁹.

É necesario ler a realidade «coas lentes adecuadas, que non son outras que as da boa noticia: Xesús mesmo. En Cristo, Deus fíxose solidario con calquera situación humana, revelándonos que non estamos sos, porque temos un Pai que nunca esquece os seus fillos. «Non temas, que eu estou contigo» (Is 43, 5): é a palabra consoladora dun Deus que se implica desde sempre na historia do seu pobo»⁴⁰.

Pés no chan, ollos abertos, oídos á espreita, mans para construír, corazóns para sentir, identificar e acompañar. Estas son as actitudes dunha Igrexa esperanzada que quere ser esperanzadora nun mundo frío e insolidario marcado pola indiferenza e a cultura do descarte.

10.- Unha Igrexa misericordiosa

Apenas elixido papa, Francisco, no seu primeiro *Angelus*, aludiu a un libro sobre a misericordia que lle regalara o cardeal Kasper e que el recomendaba vivamente: «O cardeal Kasper dicía que ao

38 Francisco, Homilía na Misa do Domingo de Ramos, Praza de S. Pedro, 24 de marzo de 2013.

39 Francisco, *Jesús es la esperanza*, Meditacións diarias na Misa matutina de Santa Marta, 9 de setembro de 2013.

40 Francisco, *No temas, que yo estoy contigo*, Mensaxe para a LI Xornada Mundial das Comunicacións Sociais 2017.

escoitar misericordia, esta palabra cambia todo. É o mellor que podemos escoitar: cambia o mundo. Un pouco de misericordia fai o mundo menos frío e máis xusto. Necesitamos comprender ben esta misericordia de Deus, este Pai misericordioso que ten tanta paciencia»⁴¹.

O seu mesmo lema, «*miserando atque eligendo*», sitúanos na dinámica da misericordia; e o Xubileu da Misericordia por el convocado non fai senón reafirmar a primacía da mesma como elemento transversal desde o que desenvolver e articular o seu pontificado. A referencia ao libro de Kasper non era casual: Francisco insiste unha e outra vez na necesidade de redescubrir a misericordia de Deus e de actuar no mundo cun corazón misericordioso.

O proxecto misioneiro da misericordia compromete a toda a Igrexa. A misericordia é unha liña de fondo que marca os papados desde Xoán XXIII ata a actualidade. Francisco sitúase en continuidade coa corrente da misericordia e como pastor e pastoralista non se centrará na dimensión teolóxica da misericordia, senón que se empeñará en levar á praxe e á pastoral as súas implicacións. Insiste unha e outra vez sobre a necesidade de aceptar a misericordia de Deus e facela presente na misión da Igrexa e no comportamento de cada un dos cristiáns. Por iso convocou un Ano Santo da Misericordia desde o 8 de decembro de 2015 (data na que se conmemoraba o quincuaxésimo aniversario de clausura do Vaticano II) ata a festa de Xesucristo Rei do Universo do ano 2016. Curiosamente, a primeira porta da misericordia que se abriu nese Ano Santo foi a da Catedral de Bangui, o día 30 de novembro de 2015. Francisco estaba realizando unha viaxe apostólica á República Centroatricana e na catedral da capital abriu a primeira porta santa deste xubileu disperso na historia da humanidade e rebautizado como o xubileu das periferias. Foi a primeira vez que un Papa realizou este xesto fóra de Roma, lonxe das basílicas papais.

A misericordia convértese así nun eixo do pontificado de Francisco, a quen lle gusta utilizar o xerundio misericordiando: «O

41 Francisco, Angelus, Praza de S. Pedro, 17 de marzo de 2013.

xerundio latino *miserando* parécese intraducible tanto en italiano como en español. A min gústame traducilo con outro xerundio que non existe: *misericordiando*»⁴².

Misericordia é «o acto último e supremo co cal Deus vén ao noso encontro; é a lei fundamental que habita no corazón de cada persoa cando mira con ollos sinceros o irmán que atopa no camiño da vida; é a vía que une Deus e o home, porque abre o corazón á esperanza de ser amados para sempre con todo o límite do noso pecado»⁴³.

Só unha Igrexa verdadeiramente activa na realización da misericordia, que concreta o contido das palabras de Xesús sobre o xuízo definitivo, será crible no medio dun mundo necesitado de referentes e no que a imaxe prima sobre a palabra. Por iso non dubida en afirmar Francisco que a misericordia é «a viga mestra que sostén a vida da Igrexa. Todo na súa acción pastoral debería estar revestido pola tenrura coa que se dirixe aos crentes; nada no seu anuncio e no seu testemuño cara ao mundo pode carecer de misericordia. A credibilidade da Igrexa pasa a través do camiño do amor misericordioso e compasivo. A Igrexa vive un desexo inesgotable de brindar misericordia. Talvez por moito tempo esquecémonos de indicar e de andar pola vía da misericordia»⁴⁴.

O Deus misericordioso está chamado a facerse realidade nos distintos espazos eclesiais onde desenvolve a súa vida. Nunhas ocasións será para actuar con misericordia e noutras para experimentar a misericordia que procede de outro e que lle afecta directamente. Nun caso ou noutro, misericordia é a actitude que debe marcar a vida de todo crente en particular e da Igrexa como institución en xeral, pois «a Igrexa ten que ser o lugar da misericordia gratuíta, onde todo o mundo poida sentirse acollido, amado, per-

42 Entrevista de Antonio Spadano ao papa Francisco en https://w2.vatican.va/content/francesco/es/speeches/2013/september/documents/papa-francesco_20130921_intervista-spadano.html (Páxina consultada el 3/3/2017).

43 Francisco, Bula *Misericordiae vultus* 2.

44 MV 10.

doado e alentado a vivir segundo a boa nova do Evanxeo»⁴⁵. Só se os cristiáns vivimos con esa conciencia poderemos dar testemuño crible dela.

Como afirma o profesor L. Aranguren,

quizá a relixión cristiá deba saír da súa estatua, abrirse paso ante a tentación do inmovilismo, sacudirse o bronce do prestixio e gastar zapatos de andar os camiños e non desgastar pés de tanto ser bicados e reverenciados. Nesa travesía irán caendo polo seu peso os adornos, roupaxes e discursos que non sexan capaces de enfrontarse á humanidade con misericordia⁴⁶.

«É o tempo de retornar ao esencial para facérmolos cargo das debilidades e dificultades dos nosos irmáns»⁴⁷, conscientes de que «o que fai viva a misericordia é o seu constante dinamismo para ir ao encontro das carencias e as necesidades de quen vive en pobreza espiritual e material. A misericordia ten ollos para ver, oídos para escoitar, mans para levantar»⁴⁸.

Almudena Suárez Cerviño

45 EG 114.

46 L. Aranguren Gonzalo, *A la escucha de nuestro tiempo: mudanzas y desafíos*, en *Iglesia Viva* 269 (2017) p. 11-34.

47 MV 10.

48 Francisco, Audiencia Xubilar, 30 de xuño de 2016.